



| Guía Docente          |   |                    |   |          |
|-----------------------|---|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |   | 2020/21  |
| Asignatura (*)        | Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde   | Código             | 750G01004   |          |
| Titulación            | Grao en Enfermaría  |                    |   |          |
| Descritores           |   |                    |   |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo  | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre   | Primeiro           | Formación básica  | 6        |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |   |          |
| Modalidade docente    | Híbrida   |                    |   |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |   |          |
| Departamento          | Ciencias da Saúde   |                    |   |          |
| Coordinación          | Sobrido Prieto, María   | Correo electrónico | maria.sobrido@udc.es  |          |
| Profesorado           | Pesado Cartelle, Jose Angel<br>Sobrido Prieto, María<br>Sobrido Prieto, Natalia   | Correo electrónico | j.pesado@udc.es<br>maria.sobrido@udc.es<br>natalia.sobrido@udc.es |          |
| Web                   | moodle.udc.es   |                    |   |          |
| Descrición xeral      | A asignatura de Documentación e bases da Información ten como finalidade que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para:<br><br>.- Conocer e manexar as fontes de información de interese para a Enfermaría.<br>.- Desenvolver habilidades de buca e revisión da literatura pertinente a un problema académico/ clínico/de investigación. |                    |   |          |



|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <b>Plan de continxencia</b> | <p><b>1. MODIFICACIONES NOS CONTENIDOS</b><br/>Non se realizan cambios nos contenidos da materia</p> <p><b>2. METODOLOXÍAS</b></p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br/>? Sesión maxistral<br/>? Seminario<br/>? Prácticas a través de TIC<br/>? Traballos Tutelados (computa na avaliación)<br/>? Lecturas (computa na avaliación)<br/>? Proba de Ensaio (computa na avaliación)<br/>? Proba Mixta (computa na avaliación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican<br/>Non se realizan cambios nas metodoloxías da materia<br/>As metodoloxías programadas previamente de xeito presencial, pasarán a desenvolverse de xeito virtual.</p> <p><b>3. MECANISMOS DE ATENCIÓN PERSONALIZADA AO ALUMNADO</b><br/>? Correo electrónico: De uso para facer consultas e resolver dúbidas.<br/>? Videoconferencia (Teams): Exposición dos contenidos teóricos, na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario da facultade. Esta opción ser a aplicable tanto na sesión maxistral como nos seminarios.<br/>? Moodle: Empregarase como repositorio do material documental e para a realización de tarefas e actividades para o seguimento da materia.</p> <p><b>4. MODIFICACIONES NA AVALIACIÓN</b><br/>Non se realizan cambios na avaliación da materia</p> <p>*Observacións de avaliación:<br/>? As diferentes actividades de avaliación continuada efectuaranse de xeito non presencial, mediante a plataforma Moodle e con de soporte en directo mediante Teams.</p> <p><b>5. Modificaciónes da bibliografía ou webgrafía</b><br/>? Disporán de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.<br/>? Engádense ligazóns web na plataforma Moodle, como bibliografía complementaria a algún contido impartido de xeito non presencial, ao que terá acceso todo o alumnado</p> |
|-----------------------------|--|

### Competencias do título

| Código | Competencias do título   |
|--------|--|
| A10    | Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados de saúde. |
| B1     | Aprender a aprender.   |
| B2     | Resolver problemas de forma efectiva.  |
| B3     | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.                                      |
| B4     | Traballar de forma autónoma con iniciativa.  |



|     |  |
|-----|--|
| B8  | Capacidade de análise e sínteses.  |
| B9  | Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.   |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información.   |
| B13 | Toma de decisións.   |
| B17 | Fomento de unha 2º lingua de interese para a profesión.  |
| B19 | Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudo.   |
| B21 | Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.   |
| C2  | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.  |
| C3  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C6  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C7  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C8  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |
| C10 | CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |
| C11 | CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.                                  |

| Resultados da aprendizaxe   |                        |  |                                    |
|---|------------------------|--|------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias do título |  |                                    |
| Identificar os sistemas de procura e recuperación da información científica en ciencias da saúde. | A10                    | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B9<br>B11<br>B17<br>B19<br>B21 | C2<br>C3<br>C6<br>C7<br>C8         |
| Describir a estrutura, localización e finalidade das guías de práctica clínica                    |                        | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B8<br>B9<br>B13<br>B17<br>B21  | C2<br>C6<br>C7<br>C8<br>C10<br>C11 |
| Identificar as Tecnoloxías da Información e Comunicación aplicadas a Ciencias da Saúde            | A10                    | B1<br>B19  | C3                                 |



|  |     |  |                                    |
|--|-----|--|------------------------------------|
| Descibir los sistemas de información clínica | A10 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B8<br>B9<br>B11<br>B13<br>B19<br>B21 | C3<br>C6<br>C7<br>C8<br>C10<br>C11 |
|--|-----|--|------------------------------------|

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| MÓDULO 1- INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN CIENTÍFICA EN CIENCIAS DA SAUDE: | <p>BLOQUE I. FONTES DE INFORMACIÓN</p> <p>1.- INTRODUCCIÓN</p> <p>2.- AS REVISTAS CIENTÍFICAS</p> <p>2.1.-Tipoloxía de artigos científicos</p> <p>2.2.-Ética na publicación científica</p> <p>2.3.- Avaliación e calidade de publicación científica</p> <p>3.- LITERATURA GRIS</p> <p>BLOQUE II: RECUPERACIÓN DE INFORMACIÓN CIENTÍFICA</p> <p>4.- LOCALIZACIÓN DE LIBROS:OS CATÁLOGOS</p> <p>5.- RECUPERACIÓN DE ARTÍGOS: BASES DE DATOS BIBLIOGRÁFICAS</p> <p>5.1.-Formular a pregunta de estudio</p> <p>5.2.- Definir a estratexia de busca</p> <p>5.3.- Identificación e manexo das principais bases de datos en ciencias da saúde</p> |
| MÓDULO 2- TIC APLICADAS A CIENCIAS DA SAÚDE:                           | <p>Conceptos fundamentais na Tecnoloxía da Información e as Comunicaci3ns</p> <p>Redes telemáticas en Ciencias da Saúde. Teleasistencia e Telecuidados en enfermería</p> <p>Bases de datos clínicas. Sistemas de Historia Clínica Electrónica</p> <p>Sistemas de Información en Ciencias da Saúde</p> <p>Avaliación de Sistemas Informáticos Sanitarios. Estándares en informática clínica</p> <p>Seguridade en Sistemas Informáticos e Redes telemáticas en Ciencias da Saúde.</p> <p>Sistemas de cifrado e firma electrónica.</p>  |



| Planificación             |   |                   |   |              |
|---------------------------|---|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas     | Competencias  | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral          | B21 C7 C8   | 21                | 52.5                                      | 73.5         |
| Prácticas a través de TIC | A10 B1 B2 B3 B4 B8<br>B9 B11 B13 B17 B19<br>C2 C3 C6 C10 C11              | 15                | 0   | 15           |
| Proba de ensaio           | B2 B3 B8 B9 C6  | 2                 | 0   | 2            |
| Lecturas                  | A10 B1 B3 B4 B8 B9<br>B11 B17 B19 B21 C3<br>C6 C7 C8 C10 C11              | 0                 | 9   | 9            |
| Seminario                 | B1 B2 B3 B4 B8 B9<br>B11 B13 B17 B19<br>B21 C6 C7 C8 C11                  | 6                 | 0   | 6            |
| Proba mixta               | B2 B3 B8 B9 C10<br>C11  | 2                 | 0   | 2            |
| Traballos tutelados       | A10 B1 B2 B3 B4 B8<br>B9 B11 B13 B17 B19<br>B21 C2 C3 C6 C7 C8<br>C10 C11 | 0                 | 40  | 40           |
| Atención personalizada    |   | 2.5               | 0   | 2.5          |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías              |  |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías              | Descrición   |
| Sesión maxistral          | Exposición oral realizada na aula por parte do profesor e aberta á participación do alumno, que será complementada co uso dos medios audiovisuais necesarios.  |
| Prácticas a través de TIC | Prácticas con soporte informático, aplicadas a ciencias da saúde   |
| Proba de ensaio           | Prueba sobre os contidos teóricos da materia.  |
| Lecturas                  | Profundización na materia mediante textos de diferentes fontes documentais escollidos e seleccionados previamente polo profesor.<br>Resolución de exercicios de autoavaliación, baseados nestes contidos.  |
| Seminario                 | Traballo en grupo a través da participación e discusión para o estudo dos diferentes aspectos relacionados coa materia<br><br>O material básico necesario facilitarase durante o desenvolvemento dos mesmos.   |
| Proba mixta               | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.<br>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |
| Traballos tutelados       | Elaboración de exercicios para promover o aprendizaxe da materia.  |

| Atención personalizada  |  |
|---|--|
| Metodoloxías  | Descrición   |
| Prácticas a través de TIC<br>Traballos tutelados<br>Seminario | Refírese ao traballo presencial do alumno e o profesor implicando a súa participación.<br>A programación realizarase adecuándoa a cada actividade. |



## Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias  | Descrición  | Cualificación |
|---------------------|---|---|---------------|
| Lecturas            | A10 B1 B3 B4 B8 B9<br>B11 B17 B19 B21 C3<br>C6 C7 C8 C10 C11              | Resolución de exercicios de autoavaliación, baseados nos contidos da materia.   | 21            |
| Traballos tutelados | A10 B1 B2 B3 B4 B8<br>B9 B11 B13 B17 B19<br>B21 C2 C3 C6 C7 C8<br>C10 C11 | Entrega e defensa de traballos de carácter obrigatorio  | 26            |
| Proba de ensaio     | B2 B3 B8 B9 C6  | Proba escrita sobre os contidos do programa   | 33            |
| Proba mixta         | B2 B3 B8 B9 C10<br>C11  | Proba que pode integrar preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.<br>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento.<br>Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. | 20            |

## Observacións avaliación



## ESTRUTURA DA MATERIA

A materia está dividida en dous módulos, claramente diferenciados, que deberán ser superados de maneira independente.

**MÓDULO 1- INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN CIENTÍFICA EN CIENCIAS DA SAÚDE\*** Representa o 65% da cualificación final da materia, correspondéndose con:

33% (Proba de ensaio)

6% (Lecturas)

26% (Traballos Tutelados)

Para poder aprobar esta parte da materia será requisito indispensable cumprir coas seguintes premisas:

- Realizar, tanto na primeira como na segunda oportunidade, o 100% de cada unha das seguintes metodoloxías establecidas: proba de ensaio e traballos tutelados.

- Lograr polo menos, a metade da puntuación establecida como máxima, en cada unha das seguintes metodoloxías que computan na avaliación: proba de ensaio e traballos tutelados.

**MÓDULO 2- TIC APLICADAS A CIENCIAS DÁ SAUDE** Representa o 35% da cualificación final da materia, correspondéndose con:

20% (Proba mixta)

15% (Lecturas)

### ASPECTOS A TER EN CONTA NA AVALIACIÓN: LECTURAS

O alumno que non realice a totalidade dos exercicios de autoavaliación programados para cada un dos módulos, de maneira independente, non se lle outorgará a puntuación establecida e calcularase a súa media, mediante a suma das restantes porcentaxes.

Estes exercicios non forman parte da primeira e segunda oportunidade, senón que se establecen como avaliación continua, en cada un dos módulos.

### PRIMEIRA OPORTUNIDADE:

A avaliación que aparece reflectida é a PROGRAMADA para todos os alumnos con MATRICULA COMÚN que se presenten á primeira oportunidade.

Os estudantes que non superen ou non se presenten á proba mixta durante o transcurso da materia, poderán ser avaliados na data oficial correspondente á primeira oportunidade, mediante un exame escrito.

Os estudantes que non superen ou non presenten os traballos tutelados durante o transcurso da materia, non poderán ser avaliados deste contido na data oficial correspondente á primeira oportunidade, figurando esta parte como suspensa. Deberán esperar á segunda oportunidade para facer a entrega dos traballos pendentes.

A aplicación das porcentaxes correspondentes realizarase a condición de que o alumno teña todas as probas superadas de maneira independente. Cando o alumno non supere de maneira independente una ou máis probas supoñerá a cualificación de SUSPENSO en acta. Se a media aritmética supera o 5, ao non superar algunha das avaliacións, figurará cun 4,9 en acta.

O feito de non presentarse a algunha das probas implica figurar en acta como NON PRESENTADO.

As probas superadas na primeira oportunidade conservaranse para a segunda oportunidade, coa cualificación obtida.

### SEGUNDA OPORTUNIDADE:

Para a Segunda Oportunidade o alumno será avaliado mediante un exame único escrito que incluírá a/ s proba/ s pendente/ s ou non superadas, mantendo a porcentaxe establecida sobre a cualificación final.

Os estudantes que teñan pendente o contido dos traballos tutelados, poderán realizar a entrega dos mesmos neste momento.

### MATRÍCULA PARCIAL:

Para os alumnos de MATRICULA PARCIAL poderán optar por examinarse por escrito en primeira e segunda oportunidade nun único exame que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade, onde se aplicarán as porcentaxes relativas a cada parte do contido da materia.

Ofrecerase a posibilidade de realizar os traballos tutelados de maneira individual.

### DISPENSA ACADÉMICA:

De acordo á normativa da UDC, admítese dispénsaa académica nesta materia.

### OPORTUNIDADE ADIANTADA:

Os alumnos que soliciten OPORTUNIDADE ADIANTADA deberán examinarse por escrito a través dun único exame que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas en Xunta de Facultade.

### MATRÍCULA DE HONRA:

Os estudantes que desexen optar a matrícula deberán cumprir os seguintes requisitos:

Obter unha nota media superior a 9,5 na cualificación final da materia. Obter a máxima nota en dúas das tres probas de avaliación da materia. Remitir as actividades de avaliación continua, que se expoñan na materia.

Tras a aplicación dos criterios establecidos, a decisión final quedará supeditada á consideración dos profesores da materia.

#### FRAUDE E RESPONSABILIDADES DISCIPLINARIAS:

Segundo o establecido na normativa da UDC:

- 1.- Se durante a realización dunha proba de avaliación os profesores responsables teñen coñecemento da quebra dos principios de decoro, legalidade ou mérito individual tales como o uso de documentos ou instrumentos non permitidos, a copia ou intento de copia dos resultados obtidos por compañeiros, a comunicación entre estudantes ou un comportamento impropio, procederase á expulsión inmediata do estudante da proba de avaliación e redactarase unha acta cos motivos, que se enviará ao decano ou director xunto coas verificacións documentais que estime oportunas para a súa valoración. Todo, sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese proceder de acordo coa cualificación da falta cometida polo alumno infractor.
- 2.- Queda prohibido o acceso á realización das probas de avaliación con instrumentos electrónicos ou dispositivos móbiles acesos, non expresamente autorizados polo profesorado responsable, o cal será causa suficiente de expulsión da proba, despois de redactar a acta correspondente que se enviará ao centro.
- 3.- A expulsión dunha proba de avaliación implicará a cualificación de suspenso (nota numérica de 0) na convocatoria da materia.
- 4.- Na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.





## Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | A bibliografía necesaria será ofrecida coa impartición de cada un dos modulos correspondentes |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |   |

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Bases para a interpretación do coñecemento científico/750G01008

### Materias que continúan o temario

Traballo fin de grao/750G01033

## Observacións

Recomendacións Sostenibilidade Medio Ambiente, Persoa e Igualdade de Xénero:

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co

obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e

sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia

realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de

imprimilos2.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos

relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e

profesionais3. Facilitarase a plena integración do alumnado que por

razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten

dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida

universitaria

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías